<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora). - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: referinte ao tema transversal que se escolla. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto (participantes e situación), organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Léxico relativo ás actividades ou aspectos máis salientes das diversas celebracións que coñecen. - Léxico relativo a algunha civilización antiga máis notable. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Léxico e expresións básicos de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa ¿(aulas virtuais,

Contidos

- videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

UD	Título da UD	Duración
9	UNIT 6: MOVING ON	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiás de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.	PE	75
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos útiles adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos útiles.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e tentar explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, algunhas estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída.	TI	25
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.3 - Rexistrar e utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar e utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora). - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: referinte ao tema transversal que se escolla. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto (participantes e situación), organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Léxico relativo aos fenómenos meteorolóxicos e ás distintas variables da personalidade. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Léxico e expresións básicos de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

Contidos

- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A seguinte listaxe recolle as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a sexto de primaria. Segundo elas, a metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a

introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.

-Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos,xogos interactivos online,videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes,realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipode actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

-Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

-Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Páxinas web de xogos online
2- Historias e contos publicados na rede
3- Xogos de mesa
4- Xogos físicos
5- Libros de lectura
6- Posters e murais
7- Ferramentas de elaboración de materiais
8- Encerado dixital interactivo - smart board
9 - Uso dos medios audiovisuais con que conte a escola
10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11- Vídeos.
12. Cancións e rimas.
13- Actividades DUA.

NOTA: neste apartado 4.2. Materiais e recursos, aparecerá un agrupamento dos diversos materiais e recursos que podemos utilizar no nivel de 6º. Citamos algúns exemplos:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Types of games:

-Memory

-Drag it.

-Simon says

-Match it.

-Guess it.

-Whats missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

"The selfish giant": <https://youtu.be/M8MFW2qG79s>.

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

* adiviñar a tarxeta;

* memory game;

* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Trivial.

- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

+ xogos de rol,

+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Genially: <https://genial.ly/why-genially>

+ Canva: https://www.canva.com/es_419/

+ Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar. Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12-Permitennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica que resulta motivadora a todos os niveis.

13-Actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciancion, escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso podense recoller evidencias tales coma: fichas escritas para avaliar a competencia escrita e auditiva, breves presentacións orais ou gravacións en audio ou vídeos individuais, de interacción en parella ou en gran grupo reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	3	15	5	15	15	2	15	15	100
Proba escrita	75	0	75	0	75	75	0	75	75	68
Táboa de indicadores	25	100	25	100	25	25	100	25	25	32

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación estableceranse utilizando:

Procedementos e evidencias observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role plays, pequenas representacións teatrais, análise do portfolios do alumnado e outros.

Instrumentos: probas escritas, táboas de indicadores que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar e probas orais.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma e progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a .

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas probas escritas e orais e nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

Criterios de recuperación:

Como norma xeral, dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Nos casos especiais nos que o alumnado non avanza ao ritmo da maioría do grupo ou presenta algún tipo de dificultade especial, aplicaranse reforzos educativos e adaptarase a metodoloxía e os materiais; incluso reducindo contidos ata o mínimo esixible.

Tamén se realizarán probas extraordinarias (repetición das probas escritas) de seren pertinentes según o caso particular do alumnado.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X

Observacións:

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X	X	X
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín.magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.

Metodoloxía empregada
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Descrición:

NOTA: Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporización das unidades, coordinación entre o profesorado.

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un.

Ao remate de cada unidade didáctica, completárase unha táboa recollendo o grao de cosecución destes indicadores de logro; para logo ter en conta na seguinte unidade didáctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Neste apartado cada mestra/e decidirá e plasmará os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e, en consecuencia, fará as propostas de mellora necesarias. Este proceso farase a través da aplicación Proens.

9. Outros apartados